



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística



MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Secretaría Xeral de Política Lingüística., **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística ten previsto formalizar un Convenio de colaboración educativa entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas académicas externas, curriculares ou extracurriculares, de alumnos da facultade de Filoloxía, no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, por un período de vixencia que abrangue dende o 05/10/2017 ata o 05/10/2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular un programa de prácticas académicas externas tuteladas entre a universidade de Santiago de Compostela e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, co fin de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios, mediante a alternancia destas prácticas coa súa formación teórica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Que é interese de ambas as partes facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas profesionais e a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e así mesmo non supón custo económico ningún para cada unha delas.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 20 de outubro de 2017.

